

#DigochoEu



Esther Estévez

Un proxecto educativo transmedia creado para espallar e mellorar o uso do galego. Está a arrasar en Instagram e TikTok, a onde chegou en outono e xa conta con preto de 45.000 seguidores

#DigochoEu fixo un ano de vida o 1 de xaneiro con milleiros de seguidores mozos nas redes sociais. Cun formato extremadamente divertido e dinámico, a xornalista **Esther Estévez** invita a falar mellor en galego nun vídeo diario que propón unha palabra incorrecta, de uso común, e ofrece sinónimos e consellos para darlle unha reviravolta a esas expresións.

1 minuto ao día para aprender galego

Cun estilo xa característico e moito humor, **#DigochoEu** suxire cada día un vídeo, de tan so 1 minuto de duración e moi pegado á actualidade, con reflexións e recomendacións para empregar mellor un termo ou expresión en galego.

Onde seguilo

Naceu dentro da web dos servizos informativos da CRTVG, onde enseguida se situou como un dos contidos máis visualizados cada semana. Da web deu o salto á pantalla dos telexornais e este outono chegou a *TikTok*, onde pode verse unha morea de contidos extra. Neste tempo en *TikTok*, ata xaneiro de 2021, **#DigochoEu** chegou aos 45.000 seguidores de dentro de fóra de Galicia. Nesta rede, os vídeos van camiño do medio millón de 'gústame' e, en total, os vídeos co cancelo **#DigochoEu** aproxímanse aos 5 millóns de visualizacións.

- 1) Instagram @g24noticias
- 2) Twitter (@g24noticias)
- 3) Facebook (/g24noticias)
- 4) Youtube (youtube.com/tvg)
- 5) www.crtvg.gal
- 6) Servizo g24.gal
- 7) Informativos e programas da Televisión de Galicia
- 8) Desde setembro de 2020 en TikTok (tiktok.com/@digochoeu)e no Telexornal da TVG.

Contidos máis vistos

O capítulo '*Quítalle o acento ao cu*' foi o contido máis visto na web, mentres que o capítulo máis visto en Youtube foi '*Aprende en 1 minuto a colocar pronomes*'.

No *TikTok* o capítulo máis visto foi '*Como se di chuleta en galego?*' con 633.000 visualizacións. 'En galego rímonos con h' acadou 356.000 reproducións. E moi recentemente o capítulo '*Zorra*' chegou a 140.000 reproducións.

E coa ollada posta en Portugal: o apuntamento lusófono

#DigochoEu atende tamén aspectos lingüísticos próximos á lingua portuguesa. O apuntamento lusófono inclúese en moitos dos vídeos, o que chamou a atención de seguidores de Portugal. De feito, na canle de *YouTube* hai moitos seguidores do Brasil e de Portugal. E mesmo houbo medios que se interesaron no proxecto, como foi o caso do diario '*Público*'.

Que fai diferente o #DigochoEu

O perfil do usuario deste espazo é moi novo. **#DigochoEu** conta cunha grande acollida no eido escolar, quizais porque achega a normativización da lingua dun xeito moi próximo e divertido, o que facilita o seu emprego nas escolas.

Xa nos primeiros meses de 2020, antes do confinamento e peche dos colexios, **#DigochoEu** foi felicitado por docentes que comezaron a empregalo nas aulas e mesmo lle pediron a Esther que os visitase. Foi o caso de centros escolares de Verín (Ourense) e Mos (Pontevedra), onde a rapazada edita tamén vídeos **#DigochoEu** feitos nas aulas.

#DigochoEu é xornalismo móbil 100 %. Grávase nos estudos da TVG, pero tamén en exteriores, ás veces cun *chromakey* ou mesmo na casa da súa presentadora durante as semanas de confinamento, e conta cunha autoedición e posproducción altamente flexibles.



Equipo

#DigochoEu, impulsado desde a área de Informativos da TVG e dirixido polo xornalista **Carlos F. Amado**, está presentado pola xornalista **Esther Estévez**, coa revisión do servizo de asesoramento lingüístico da **CRTVG (Rocío Pérez)**.

Xornalismo, lingua e diálogo coa audiencia: triplo cumprimento da misión da CRTVG arredor da lingua

